



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno para o 19.02.2026

Don Manuel Vázquez Faraldo, alcalde do Concello de Miño, dita a seguinte resolución:

De conformidade co establecido nos artigos 80 e 82 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO:

CONVOCAR A SESIÓN ORDINARIA do Pleno do Concello de Miño, que terá lugar o día 19.02.2026 ás 20:00 horas, no salón de plenos da casa do concello, e fixar a seguinte orde do día:

1. Aprobación da acta da sesión anterior: sesión extraordinaria do Pleno do 05.02.2026
2. Numeración do local situado na rúa Alameda, núm. 13 do lugar da Ponte do Porco, parroquia de Miño
3. Numeración da parcela situada no lugar de Bañobre, núm. 20 A da parroquia de Castro
4. Numeración da parcela situada no lugar de Trasdoroña, núm. 63A, parroquia de Leiro
5. Adhesión ao convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias
6. Adhesión ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento dunha administración dixital asinado o 13 de novembro de 2025
7. Adhesión ao convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os Sistemas de Responsabilidade Ampliada de Resíduos de Envases Domésticos de Envases Lixeiros e Papel Cartón dun só uso
8. Dación de conta do informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e o período medio de pago do 4º trimestre do 2025
9. Dación de contas das resolucións da Alcaldía: dende o día 15.12.2025 (resolución número 1277/2025) ata o día 31.12.2025 (resolución número 1342/2025) e do 01.01.2026 (resolución número 1/2026) ata o 08.02.2026 (resolución número 87/2026)
10. Dación de contas das actas da Xunta de Goberno Local das seguintes datas: 12.12.2025, 30.12.2025, 05.01.2026, 20.01.2026 e 05.02.2026)
11. Mocións
12. Informes do equipo de goberno
13. Rogos e preguntas

Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. A secretaria acctal. municipal

María del Carmen Dopico Sanjuán